

**Acordo do 26 de maio do 2025 do tribunal encargado de cualificar o proceso selectivo convocado, mediante o sistema de concurso-oposición, pola Resolución do 30 de novembro do 2023 (DOG nº 230 do 4 de decembro do 2023) para o ingreso como persoal laboral fixo da Corporación nas categorías de redactor/a, realizador/a, técnico/a electrónico/a, técnico/a de control e reporteiro/a gráfico/a, polo que se fixa a data de realización da proba de redacción e locución da categoría de redactor/a e se establecen os criterios de corrección e superación.**

En sesión que tivo lugar o día 26 de maio do 2025, o tribunal nomeado pola Resolución do 29 de xaneiro do 2024, do Director Xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia S.A. e para cualificar as probas específicas de locución e redacción consonte ao regulado na Base III.1.1 da convocatoria para a categoría de redactor/a.

### **ACORDOU**

**PRIMEIRO.-** A proba de redacción correspondente á categoría de redactor/a terá lugar o día 4 de xuño do 2025, en chamamento único que se iniciará ás 9:00 horas, nas Aulas de Informática da Facultade de Xornalismo da USC. A proba de locución terá lugar os días 9, 10 e 11 de xuño do 2025, en chamamento único que se iniciará ás 9:30 horas nas salas de locución da Facultade de Xornalismo da USC. As listaxes coa quenda e hora publicaranse con posterioridade.

As persoas aspirantes deberán presentarse provistas do seu NIF, NIE, pasaporte, permiso de condución ou calquera outro medio que a criterio do tribunal acredite a súa identidade.

As persoas aspirantes que precisen a utilización de audífonos ou outras próteses auditivas deberán acudir provistos dun informe médico que acredite a necesidade do seu uso.

Non se permitirá a entrada ao lugar de desenvolvemento da proba con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes, ou outros instrumentos destas características, que se poidan utilizar para axudarse na realización da proba. Non se habilitará ningún servizo de recollida deste material, polo que será de conta da persoa aspirante a súa custodia fóra do recinto designado.

**SEGUNDO.-** A proba de redacción en lingua galega consistirá na redacción dunha nova para o que o tribunal enunciará tres temas de actualidade, para o que as persoas aspirantes disporán dun máximo dunha hora. O texto presentado por cada aspirante será utilizado posteriormente para realizar a proba de locución.

Ao remate da redacción da noticia deberán indicar, no propio documento, que elementos utilizarían para documentar e editar o tema, diferenciando entre os recursos necesarios para unha versión de radio e unha de televisión.

**TERCEIRO.-** Os criterios para a avaliación da proba de redacción serán:

- En relación co titular (2 puntos):
  - Rigor informativo: 1 punto.
  - Capacidade para sintetizar o contido da nova: 1 punto.
- En relación coa noticia (8 puntos):
  - Claridade no enfoque, na estrutura e no desenvolvemento da noticia: 2 puntos.
  - Exposición lóxica e coherencia no relato para facilitar a comprensión do contido: 2 puntos.
  - Calidade dos datos utilizados para documentar o tema: 2 puntos.
  - Tratamento rigoroso e equilibrado de todos os puntos de vista e fontes necesarias para garantir o pluralismo: 2 puntos.

**CUARTO.-** Os criterios para a avaliación da proba de locución serán:

- Claridade expositiva: 2,5 puntos.
- Credibilidade: 2,5 puntos.
- Ritmo: 2,5 puntos.
- Proxección da voz: 2,5 puntos.

**QUINTO.-** Cada un dos exercicios, o de redacción e o de locución, puntuarán sobre 10 puntos e será necesario obter un mínimo de cinco (5) puntos para superar a proba.

A puntuación final de cada unha das probas de coñecemento de locución e de redacción en lingua galega será de "APTO/A" ou "NON APTO/A". Se a cualificación obtida pola persoa aspirante en calquera das dúas probas fose de "NON APTO/A" quedará excluída do proceso.

Ao remate da proba de locución poderá solicitarlle ao tribunal por correo electrónico unha copia da redacción efectuada (procesos.selectivos@crtvg.gal), e non se entregará ata o dito momento.

San Marcos, asinado dixitalmente

O presidente do tribunal (redactor/a,  
realizador/a, técnico/a electrónico/a,  
técnico/a control e reporteiro/a gráfico/a)

José Soengas Pérez